

AULA DE PATRIMONIO

Programa pedagógico para
escolares

Destinado a alumnos de 5º curso
de Educación Primaria

CURSO ESCOLAR 2022-23



**Ciudades
Patrimonio
de la Humanidad**
ESPAÑA | UNESCO





PRESENTACIÓN

O programa AULA DE PATRIMONIO pretende que o alumnado que vive e estuda nas Cidades Patrimonio españolas aprenda a coñecer e valorar non só a súa propia cidade senón o resto de cidades que ostentan o mesmo título outorgado pola UNESCO e que forman o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España: Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Eivissa, Mérida, Salamanca, San Cristóbal de La Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo, Úbeda.





OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- * Facilitar un maior coñecemento entre as quince cidades patrimonio da humanidade de España.
- * Concienciar os escolares da importancia de vivir nunha cidade patrimonio da humanidade e coñecer o valor universal excepcional de cada unha delas.
- * Fomentar entre os escolares unha actitude de cidadanía activa, promovendo o coñecemento e o goce do patrimonio das cidades.
- * Impulsar experiencias didácticas que promovan o uso das cidades como recurso educativo.



DESTINATARIOS

- * **Escolares de 5º curso de Educación Primaria** (grupo-clase máximo de 30 alumnos/as) de centros educativos das quince cidades que forman o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España.



PARTICIPACIÓN

- * Proponse ao grupo-clase a elaboración dun **guión-proxecto de traballo, suficientemente desenvolto na súa explicación**, a través de metodoloxías, técnicas e estratexias activas, innovadoras e motivadoras, sobre a cidade patrimonio emparellada e a súa propia de xeito que permita o coñecemento, intercambio e encontro con escolares doutras cidades que compartan temática, obxectivos e fins.
- * Os centros que estean interesados en participar deben inscribirse antes do **14 de xaneiro de 2023** (incluído) a través do formulario habilitado na páxina web www.ciudadespatrimonio.org.
- * Deberán achegar en formato dixital a proposta-esquema-guión do seu proxecto e a súa temática (en espazo de non máis de tres follas A4), que conterá os datos do centro educativo, o grupo de escolares participante, o título, unha breve descrición do proxecto, obxectivos, actividades, metodoloxía de colaboración e avaliación.
- * Os traballos deberán centrarse nos puntos de unión coa cidade irmandada: vínculos conexións, semellanzas e boas prácticas que permitan alianzas sobre a conservación e difusión do patrimonio da súa cidade e da súa afín.
- * O formato do traballo será libre e valorarase a orixinalidade da proposta. O número de alumnado participante por centro seleccionado limitarase ao grupo/clase (30 alumnos/as de media).



* Unha vez pechado o prazo de recepción de traballos, cada cidade do Grupo seleccionará unha de entre as propostas presentadas, que enviará ao Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España.

* Os centros escolares que resulten seleccionados adquiren o **compromiso de desenvolver e levar á práctica en detalle o proxecto presentado** para participar no programa. O traballo xa completado e finalizado deber ser entregado antes do **31 de marzo de 2023** na área de Educación do seu concello.



PREMIOS

* Os quince centros seleccionados polas cidades obterán cadanseu **premio consistente nunha viaxe para o alumnado da clase autora do traballo á cidade patrimonio da humanidade coa que fose emparellada.**

* A viaxe terá unha duración total de tres días (con dúas noites). Os gastos destas viaxes (transporte, aloxamento e manutención) correrán por conta do Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España. As viaxes realizaranse entre semana e no último trimestre do curso escolar, excluíndo a temporada alta. As clases participantes serán acompañadas por un máximo de dous/dúas profesores/as do centro e dun/dunha técnico/a municipal de Educación das cidades visitante e anfitriñoa.

* A cidade e o centro educativo que reciben o grupo-aula encargaranse de facilitar o encontro e a posta en práctica do proxecto elaborado.



Alcalá de Henares
Ávila
Baeza
Cáceres
Córdoba
Cuenca
Ibiza/Eivissa
Mérida
Salamanca
San Cristóbal de La Laguna
Santiago de Compostela
Segovia
Tarragona
Toledo
Úbeda



 **Ciudades
Patrimonio
de la Humanidad**
ESPAÑA | UNESCO



www.ciudadespatrimonio.org

  **grupocphe**